

CAPITULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-

O presente regulamento xeral ten por obxecto regula-las eleccións para membros da Xunta de Goberno do COETF de Galicia, así como os cargos estatutarios colexiais e aqueles outros procesos electorais que resulten necesarios.

Artigo 2.-

A colexiación será acreditada pola inclusión nas listas do censo electoral colexial ou pola súa inclusión posterior a solicitude de quen acredite reuni-los requisitos esixidos para elo polas normas estatutarias e regulamentarias.

CAPITULO II

ORGANIZACIÓN ELECTORAL

Artigo 3.-

A efectos de garanti-la maior pureza democrática do proceso electoral, constituirase unha Xunta Electoral formada polo asesor xurídico do Colexio, o Secretario e tres colexiados elixidos por sorteo.

Artigo 4.-

A Xunta Electoral estará presidida polo asesor xurídico do Colexio asistido nas súas funcións polo Secretario e terá a súa sede na do Colexio.

Artigo 5.-

A Xunta Electoral constituirase o mesmo día da convocatoria das eleccións e terá por misións as seguintes:

- a) Elaborar o censo electoral e coñecer e resolver das reclamacións por indebida inclusión ou exclusión do mesmo.
- b) Habilita-lo crédito necesario para atender á organización e desenvolvemento do proceso electoral.
- c) Resolve-las consultas e reclamacións contra as irregularidades que sexan denunciadas, ordenando abri-lo expediente disciplinario contra os autores das infraccións que se observen ou se puideran cometer.
- d) Vixiar o cumprimento do calendario electoral e dirixir o acondicionamento de locais.
- e) Comunicarse directamente cos colexiados, informando dos candidatos e dos sinalamentos de prazos e forma de emisión do voto.
- f) Proclama-las candidaturas.
- g) Outorgar unha credencial ós interventores que para a Mesa nomee cada candidatura, así como designa-los titulares e suplentes da Mesa Electoral.
- h) Efectuar a proclamación dos elixidos definitivamente e dos postos que cada un dos mesmos cubrirá.
- i) Comunicarse coas autoridades e funcionarios públicos, dándolles conta de canto se considere digno do seu coñecemento e requiríndolles a súa colaboración para o mellor desenrolo do proceso electoral.

Artigo 6.-

Os acordos da Xunta Electoral se adoptarán por maioría de membros presentes, sendo soamente válida a reunión celebrada, previa citación de cada un dos seus membros, ca necesaria antelación para garanti-la súa posibilidade de asistencia. Si o secretario ou algún dos colexiados elixidos por sorteo resultase formar parte de unha das candidaturas, terán voz pero carecerán de voto nas reunións da Xunta. En caso de igualdade o voto do asesor xurídico será de calidade.

Artigo 7.-

Os acordos da Xunta Electoral executaranse polo Secretario a instancia do Presidente. Das súas reunións levantarase acta certificada polo Secretario co visto bo do Presidente.

CAPITULO III

DO PROCEDEMENTO ELECTORAL

Artigo 8.-

O Colexio constituirase en Sección Electoral única e a Mesa Electoral que presidirá as votacións estará constituída polo asesor xurídico do Colexio, asistido do Secretario e dous colexiados elixidos por sorteo, designándolles como substitutos outros dous igualmente elixidos por sorteo.

Si algún estivese imposibilitado a asistir, comunicarao anticipadamente, para que se lle designe o correspondente substituto. Si no momento de constituírse a Mesa non se puidese constituír ésta por falta de algún dos designados, serán substituídos polos colexiados máis antigos que estén presentes no momento da constitución.

Artigo 9.-

A Mesa Electoral poderá ser asistida no control da votación, escrutinio e recuento de votos, por Interventores, designados polo que sexa cabeceira de candidatura, tendo a función de información, protesta e reclamación, que será documentada en Acta e sobre a que a Mesa resolverá por maioría.

Contra os acordos da Mesa poderase reclamar dentro das vinte e catro horas seguintes ante a Xunta Electoral que resolverá o procedente nos dous días seguintes.

Artigo 10.-

A convocatoria de eleccións efectuarase de acordo co disposto nos estatutos do Colexio.

A convocatoria sinalará o local ou locais nos que se celebrará a votación, así como os termos e prazos do calendario electoral.

Artigo 11.-

O censo colexial activo de quen poidan resultar electores e elixibles publicarase pola Xunta Electoral, facéndose unha axeitada difusión do mesmo dentro dos quince días seguintes ó do anuncio da convocatoria.

Quen se consideren indebidamente incluído ou excluído do censo poderá reclamar dentro dos vinte días naturais seguintes á exposición das listas, resolvendo definitivamente a Xunta Electoral nos dez días naturais seguintes a partir da finalización de dito prazo.

Artigo 12.-

O censo electoral comprenderá unha relación numeral dos colexiados con capacidade de voto, con expresión do seu domicilio habitual, centro de traballo si se coñece, ademais dos apelidos e nome.

Tódolos candidatos proclamados poderán solicitar do Colexio unha copia do censo ó efecto de realiza-las actividades de campaña electoral que resultasen oportunas.

PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS

Artigo 13.-

As candidaturas ou listas de candidatos presentaranse ante a Xunta Electoral por medio da correspondente solicitude de proclamación, dentro do período de trinta días naturais que se inicia coa data de convocatoria das eleccións.

Artigo 14.-

A solicitude de candidatura deberá ser acompañada dos seguintes documentos:

- a) Declaración xurada para cada un dos compoñentes da candidatura de que ten as condicións de elixibilidade requiridas e de non acharse afectado en ningunha incompatibilidade nin incapacidade para elo.
- b) Exposición escrita do programa electoral da candidatura presentada, de amplitude máxima de dúas caras de tamaño folio.

Artigo 15.-

A Xunta Electoral examinará a documentación presentada por cada unha das candidaturas, e procederá a efectuar unha aprobación provisional das mesmas dentro dos dez días naturais seguintes ó de peche do prazo para presentación de candidaturas. Nos dez días naturais seguintes á aprobación provisional calquera membro das demais candidaturas poderá impugnar por indebida calquera inclusión ou exclusión.

Regulamento interno do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia que regula as eleccións para membros da xunta de goberno do colexio, así como os cargos estatutarios colexiais e aqueles outros procesos electorais que resulten necesarios.

Artigo 16.-

Dentro dos cinco días naturais seguintes ó termo do prazo para impugnacións e á vista das reclamacións presentadas, a Xunta Electoral elevará a definitiva a proclamación de candidatos e procederá a súa publicación na sede colexial.

PROPAGANDA ELECTORAL E PUBLICIDADE DA MESMA

Artigo 17.-

Logo da proclamación das candidaturas e ata vinte e catro horas antes do día sinalado para a votación, tódolos candidatos proclamados poderán organizar actividades electorais lícitas para a captación de sufraxios e adhesións, podendo remitir propaganda impresa a tódolos membros do censo facilitado.

Artigo 18.-

O Colexio remitirá á dirección que figure de cada colexiado un sobre no que se conteñan as instrucións para a votación persoal ou por correo, as de remisión e destino dos votos, así como as papeletas oficiais de tódalas candidaturas.

A documentación anterior porase a disposición dos colexiados na sede do Colexio.

Artigo 19.-

Cada un dos compoñentes das candidaturas proclamadas posuirá unha credencial expedida pola Xunta Electoral que lle acredite como candidato ante os colexiados e organismos públicos ou privados onde estime axeitada desenvolver-la súa campaña electoral.

CAPITULO IV

VOTACIÓN

Artigo 20.-

A Mesa constituirase unha hora antes da sinalada para a votación no local e día que se tivera designado na convocatoria.

Artigo 21.-

Constituída a Mesa recibirán a credencial ou apoderamento os interventores designados por cada candidatura, dándolles asento nun lugar adxacente e no que poidan observar o desenrolo da votación. De todo elo levantarase acta, sen que posteriormente poida ser substituído ningún dos titulares e interventores nin interrompido o procedemento. O acta será firmada polos membros da Mesa e os interventores, entregándose copia a cada un dos indicados que a reclamasen.

Artigo 22.-

O Presidente da Mesa anunciará o comezo da votación á hora sinalada e dará conta de viva voz dos pormenores da acta de constitución da Mesa e os nomes de cada un dos que a compoñen, así como dos interventores e da candidatura que representan.

Artigo 23.-

O dereito a votar acreditarase pola inscrición ou certificado de inclusión nas listas do censo colexial, así como pola acreditación da identidade do elector.

Artigo 24.-

Os electores presentes achegaranse un a un á Mesa, manifestando o seu nome e apelidos e nº de colexiado. Unha vez comprobada a súa inclusión no censo de colexiados e a identidade persoal do votante, entregará a papeleta dentro do correspondente sobre ó Presidente, que a depositará na urna designada ó efecto. Os membros da Mesa anotarán a continuación o nome e apelidos e número do colexiado que emitiu sufraxio na lista de electores, evitando a duplicidade do voto.

Artigo 25.-

Cando ocorrese algunha dúbida sobre a identidade do votante suscitada por algún membro da Mesa ou por reclamación de algún interventor, a Mesa decidirá por maioría á vista dos documentos de acreditación e da opinión dos interventores, admitindo o voto ou rexeitándoo, en cuio caso unirase á acta final.

Artigo 26.-

Serán nulas as papeletas que non se axusten ó establecido nestas normas, ou que conteñan enmendadas ou raspaduras ou que non cumpran estrictamente ca incondicionalidade do voto, ou existan nelas expresións que supuxeran calquera tipo de incorrección ou falla de respecto para o acto que se celebra.

Artigo 27.-

Calquera que fora o momento no que se persoase o Notario ou Notarios receptores da votación por correspondencia, interromperase a votación persoal dos presentes, que continuará logo de levantada a correspondente acta de entrega e recepción.

CAPITULO V

DA VOTACIÓN POR CORREO

Artigo 28.-

O voto por correo poderá realizarse en todo caso por calquera colexiado, remitindo con acuse de recibo nos sobres impresos ó efecto a papeleta de votación á Mesa Electoral.

Artigo 29.-

Serán válidos os votos que se recibisen no Notario ata o momento de iniciarse a votación. Si algún colexiado tivera votado por correo e estivera presente no acto da votación, poderá anular o sufraxio emitido por correspondencia antes de que sexa introducido na urna, votando persoalmente.

Si se recibise máis dun voto por correo do mesmo colexiado será válido o primeiro introducido na urna, rexeitándose e inutilizándose os seguintes, sen perxuício da responsabilidade disciplinaria en que incurrixe por intento de fraude electoral, si non fora debido a error debidamente xustificado.

Artigo 30.-

Ó efecto de facilitar o voto por correo, a Xunta Electoral remitirá antes dos quince días posteriores á proclamación definitiva dos candidatos a documentación que se sinala no artigo 18 e que alomenos comprenderá as instrucións para emitir o sufraxio por correspondencia e que se efectuará do seguinte xeito:

1º .- Nun sobre introducirase a papeleta oficial. Este estará dirixido á Mesa electoral e no seu reverso figurarán os apelidos, nome, número de colexiado e demais datos que poidan indicarse para garanti-la veracidade, certeza e individualidade do voto.

2º .- Debidamente pechado, o referido sobre introducirase xunto con fotocopia do DNI no segundo sobre de remisión á Mesa Electoral e, posto o seu remite e franqueo, poderá ser remitido con acuse de recibo dende o día que reciba a documentación para votar ata dous días antes do sinalado para a votación persoal.

Artigo 31.-

Entre o día no que a Xunta Electoral remítase a documentación para votar e o da votación haberá un prazo mínimo de vinte días naturais.

Artigo 32.-

A Secretaría do Colexio destinataria da correspondencia por designación e concerto da Xunta Electoral recibirá a correspondencia gardándoa, e o día da votación no local en que esté constituída a Mesa, farase recepción da mesma levantándose acta pola Mesa.

CAPITULO VI

O ESCRUTINIO

Artigo 33.-

Regulamento interno do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia que regula as eleccións para membros da xunta de goberno do colexio, así como os cargos estatutarios colexiais e aqueles outros procesos electorais que resulten necesarios.

As 12:00 horas o Presidente da Mesa declarará pechada a votación coa dos membros da Mesa con dereito a voto, e comezará o escrutinio.

Artigo 34.-

O escrutinio verificarase extraendo o Presidente ou o membro da Mesa que designe, un a un, os sobres da urna, abrindoos e lendo en voz alta o nome e apelidos do que sexa cabeza da candidatura. O Presidente porá de manifesto a papeleta lida ós demais membros da Mesa e interventores. Ó final confrontarase o número total de papeletas co de votantes anotados.

Serán nulos os votos en papeleta non oficial, ou os recibidos por correo sen os datos de personalidade do segundo sobre ou que non foran dirixidos ó Notario sinalado ó efecto.

Tamén serán nulos os votos emendados, tachados ou raspados, irrespectuosos ou referidos a unha candidatura retirada ou que estivesen en branco sen designación de nome algún.

Artigo 35.-

Feito o recuento de votos, o presidente anunciará en alta voz o número dos mesmos para cada candidatura, especificando o número de votantes, ou de papeletas válidas e nulas, destruindo a continuación as papeletas válidas e conservando aquelas sobre as que houberse algunha reclamación e que serán unidas á acta que terá de elevarse de todo elo á Xunta Electoral inmediatamente logo do remate do escrutinio.

A citada acta será asinada por tódolos membros da Mesa e interventores que asistiran á votación, facéndose público o seu resultado, fixando éste no taboleiro de anuncios da sede colexial.

Artigo 36.-

A Xunta Electoral, durante as vintecatro horas seguintes, recibirá por escrito sucinto as protestas e reclamacións que puideran formularse por calquera candidato, e á vista das mesmas antes de que transcurran tres días dende a celebración da votación, proclamará ós elixidos.

Artigo 37.-

Calquera dúbida ou posible interpretación relativa á normativa electoral será resolta pola Xunta Electoral.